

O superpreguntón

De VENRES 29 a VENRES 5 (antes da 1.30)



Os camiños das artes crúzanse a miúdo cos da astronomía e de aí nacen froitos como o cadro de arriba. Nel podes ver a un dos maiores astrónomos de todos os tempos, acompañado dun poeta admirador seu que o visitou en Italia pouco antes da morte do sabio.

Se queredes saber o nome do poeta debes encher o cuestionario e trasladar as iniciais das respostas á grella:

1	2	3	4		5	6	7	8	9	10

Pois agora seguro que non teredes ningunha dificultade para responder estas tres preguntas

- A. Tanto admiraba o poeta ao astrónomo que é o único contemporáneo mencionado explicitamente na súa obra mestra, que se titula ...
- B. É posible que, no cadro, o poeta estea a contemplar a gran lúa de Xúpiter descuberta polo astrónomo. Como se chama ese satélite?
- C. De existir na súa época a liberdade de expresión que o poeta defendía nesta obra, Galileo non tería sido xulgado pola Inquisición... (esta si que é unha das palabras máis raras que tedes visto)

1. Xa no século XIX un escritor nacido en Nantes describiu nunha novela unha viaxe espacial co fin de explorar a lúa. Como se chamaba ese escritor? _____

2. O músico británico que tanto nos saíu nas preguntas da semana pasada narrou a experiencia dun astronauta no espazo na súa canción *Space* _____

3. *O Principiño* procedía do asteroide B-612. Como se apelidaba o astrónomo alemán que acuñou o termo co que denominamos a eses corpos menores que os planetas e maiores que os meteoroides? _____

4. En 1997 estreouse unha película baseada nunha novela de Carl Sagan. A protagonista desta película traballa nun proxecto SETI. Que axencia estadounidense patrocinou os primeiros proxectos dese tipo?

- NASA ESA CIA BARÇA

5. Noutro cadro podemos ver de novo a Galileo amosando o uso do seu telescopio, esta vez ao Dux de Venecia. En que cidade italiana naceu o artista que pintou ese cadro? _____

6. Na capa do disco de Pink Floyd ao que pertence a canción “Eclipse” represéntase un fenómeno luminoso. Cal era o nome do físico que separou esas cores? _____

7. Na exploración do espazo sempre latexa a curiosidade humana pola posible existencia de vida noutros planetas. Pero, de habela, podería suceder que os humanos non tiveran a capacidade de comunicarse con ela, como ocorre co “océano protoplasmático” na novela dun escritor polonés levada ao cine por Tarkovsky. Como se apelidaba ese escritor?

- KAPUSCINSKI CLARKE LEM MESSI

8. Na película “2001: Unha Odisea do Espazo”, en que cráter está enterrado o monólito que os humanos atopan na lúa? _____

9. A película *Ágora* ten como protagonista unha matemática, filósofa e astrónoma da antigüidade. Entre os discípulos desta muller estaba un que chegou a ser prefecto romano de Exipto. Como se chamaba? _____

10. Sabías que o pintor holandés Van Gogh era afeccionado á astronomía? Un cadro seu dunha noite estrelada seica ten semellanza cunha galaxia espiral. Esa galaxia é coñecida por varios nomes, entre eles...

- GRAN NUBE DE MAGALLAES NGC 5194 M32 R2-D2

O superpreguntón

De VENRES 19 a VENRES 26 (antes da 1.30)



Esta paisaxe que case semella a Ribeira de Chantada non o é. Correspóndese coa provincia orixinaria dunha importante astrónoma. Para coñecer o seu nome tedes que contestar o seguinte cuestionario. Coas iniciais de cada resposta construiredes o misterioso nome.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

Xa tedes o nome? Pois a responderdes as seguintes cuestións:

- Esta é fácil. En que planeta está un cráter bautizado co nome da nosa astrónoma?
- Que día da semana está dedicado á deusa que lle dá nome ao anterior planeta?
- O nome dese día é o do compañeiro dun dos náufragos máis famosos da literatura. Sabedes de que náufrago falamos?

- Nunca antes dela, unha muller descubrira un cometa, o seu nome era María.
- Curva que describe a posición do Sol no ceo se todos os días do ano se observa á mesma hora e desde o mesmo sitio.
- Nube de gas e po formada fundamentalmente por hidróxeno.
- Este italiano, nacido na cidade onde a torre de inclina, non debe faltar nun superpreguntón centrado na astronomía.
- Os astrónomos fan unha chea de cousas. Este inventou, 1700 anos antes dos primeiros sismógrafos europeos, un “detector de terremotos”
- A causa real da morte de Laika foi a:
- Na biblioteca podes ver unha esfera armilar. Quen a inventou?
- Estas dúas galaxias ananas reciben o seu nome en honra do gran navegante portugués que iniciou a expedición que deu a primeira volta ao mundo.
- A ver se ides ser vós os únicos que non oístes falar deste espazo que permite publicar, ver e compartir vídeos
- Siglas en inglés da Estación Espacial Internacional